

MESA SECTORIAL DO 3 DE XUÑO DE 2026

Concurso específico de Enfermería familiar e comunitaria

O SERGAS expón que:

- As bases do concurso específico que se van aplicar son as publicadas no 2018: so poden participar as enfermeiras fixas con destino no centro no que se oferta praza no concurso específico, e que teñan o título de especialista en familiar e comunitaria.
- Amplíase a 182 prazas. Inicialmente están excluídas as prazas de enfermeiras/as en cupos exclusivamente pediátricos.

CIG-Saúde solicitamos que non se exclúan as prazas en cupos pediátricos.

Quedaron en valorar con Asistencia sanitaria se poden sacar estas prazas.

CIG-Saúde esiximos unha aclaración sobre o que pasa coas supervisións. Se as prazas básicas se transforman en especialista, CIG entendemos que tería que cesar a substituta e cubrirse cunha enfermeira especialista.

O SERGAS quedaron en revisar se corresponde que continúe a mesma persoa aínda que cambie de categoría na praza base.

Este concurso farase nunha única convocatoria.

O concurso específico sairá en xuño e estará rematado antes de que se resolva o CTAP 2026.

No período ventana do CTAP do 2026 deberán decidir se continúan no concurso de traslados ou non.

- o Se non continúan, seguirán no proceso de concurso específico.
- o Se continúan no CTAP e resultan adxudicatarias dunha praza de enfermeira xeralista, terán que tomar posesión da mesma e deixar a de especialista en excedencia, ou de non facelo a praza de enfermeira quedaría en excedencia voluntaria.

Queda pendente de que nos envíen as prazas para alegacións antes do 10 de xuño.

